<p>-Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p> <p>- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebración), condicións de vida (vivenda, ámbito), relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión axeitada do texto.</p> <p>- Identificar o sentido xeral, a información esencial e a maioría dos puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos, cun grande</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, horarios, comezo dunha actividade nun parque de atraccións, campamento, etc.). 2. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (rutinas diarias, instrucións, peticións, etc.). 3. Comprende textos orais de carácter informativo e é capaz de extraer información global e algún dato concreto. 	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 15 DE 28	CENTRO:CEIP XOAQUÍN LORIGA CURSO:4º

número de estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles sempre que se conte con apoio visual, posibilidade de repetición ou confirmación e cunha forte referencia contextual.

- Distinguir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática).

- Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).

- Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses, e utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de ton básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

4. Identifica o tema dunha conversación sinxela e predicible que ten lugar na súa presenza nalgún espazo público real ou simulado sobre temas coñecidos.

5. Entende a información esencial en conversacións breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, animais domésticos, alimentos, a descrición dun obxecto, animal ou persoa, o tempo atmosférico.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN		
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricada ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar. - Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais. - Interactuar de xeito moi básico, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversación, cumprindo a función comunicativa principal do texto (p. e. un saúdo, unha felicitación, un intercambio de información). - Participar de xeito moi simple e de xeito comprensible, aínda que sexan necesarias algunhas aclaracións, en conversacións moi breves con intercambio directo de información sobre temas moi familiares, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, fundamentalmente illadas aínda que nalgúns en ocasións consiga conectalas de forma básica, sendo indispensable a paráfrase e a cooperación do interlocutor para manter a conversación. - Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que se produzan tateos, vacilación, repeticións ou pausas para reorganizar o discurso. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo o seu cuarto, o seu menú preferido, o aspecto exterior dun animal ou unha persoa; dicir o que lle gusta e non lle gusta) usando estruturas sinxelas. 2. É capaz de traballar en equipo e desenvolver traballos pautados en grupo, con interaccións orais (xogos, diálogos, etc.). 3. Responde axeitadamente en situacións de comunicación (saúdo, preguntas sinxelas sobre si mesmo, petición ou ofrecemento de obxectos, expresión do que lle gusta ou non, do lugar onde está situado algo, etc.). 	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 17 DE 28	CENTRO:CEIP XOAQUÍN LORIGA CURSO:4º

- Manexar estruturas sintácticas básicas aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.
- Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.
- Articular, de xeito polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de ton básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

4. Participa en conversacións cara a cara ou por medios técnicos que permitan ver a cara e xestos do interlocutor, nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar alguén), intercámbiase información persoal e sobre asuntos cotiás, exprésanse sentimentos, etc.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebración), condicións de vida (vivenda, ámbito), relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión axeitada do texto.

- Identificar o sentido xeral, as ideas principais e a maioría das informacións específicas en textos impresos ou dixitais, moi breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, sobre temas moi familiares e cotiáns, sempre que se poida reler ou pedir aclaracións e cóntese con apoio visual e contextual.

- Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha felicitación, unha demanda de información, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

- Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).

- Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses, e inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

1. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, etc.

2. Comprende instrucións sinxelas por escrito asociadas a accións e a tarefas escolares.

- Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e., ☺@, €, \$, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.

- Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos concretos e significativos (p. e. as convencións sobre o inicio e peche dunha carta a persoas coñecidas) e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción escrita adecuada ao contexto, respectando as normas de cortesía básicas.

- Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e moi sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con certa frecuencia a forma correcta das convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, do seu ámbito máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións moi familiares e predicibles.

- Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche dunha carta, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos).

1. Constrúe textos narrativos sinxelos reproducindo estruturas e/ou andamiaxe previamente traballados e servíndose dun modelo.

2. Escribe, baseándose nun modelo, textos breves de carácter informativo sobre temas tratados oralmente en clase con preparación do vocabulario e expresións básicas.

<p>- Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e"), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.</p> <p>- Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</p> <p>- Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--

ÁREA DE MÚSICA MÚSICA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 1. ESCOITA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas. 	EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB1.1.3. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. 	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. 	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas. 	EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	28.
	29. EMB1.5.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora. 	30. EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	31. EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB2.1.4. Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. 	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza. 	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	32. EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas. 	33. EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB3.2.2. Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.

ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Verificar a acción salvadora de Deus a través de personaxes bíblicos, e a súa plenitude en Xesucristo. ➤ Recoñecer o amor de Deus ao crearnos á súa imaxe e adoptarnos como fillos. ➤ Identificar algúns feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus ao home. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Recoñece a importancia da acción salvadora de Deus. ➤ Recoñece a importancia do amor de Deus. ➤ Identifica feitos de Xesús que mostran o amor de Deus. ➤ Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus ao home. 	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 23 DE 28	CENTRO:CEIP XOAQUÍN LORIGA CURSO:4º

<ul style="list-style-type: none"> ➤ Comprender que o pecado rompe a relación con Deus, que Xesucristo restabécea coa súa morte e resurrección, e que o amor de Deus dura para sempre. ➤ Valorar que no Nadal Xesús vén para salvarnos, amosándonos o camiño, a verdade e a vida. Amósanos o seu amor. ➤ Comprender que Xesús pola súa morte na cruz quixo darnos a maior proba do amor de Deus, amando ata o límite, ata a morte. ➤ Coñecer que todo canto fixo Xesús por nós é porque nos ama. ➤ Coñecer e valorar os sacramentos. ➤ Saber que a Igrexa perdooa os pecados no nome de Deus. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Recoñece a importancia do Nadal. ➤ Comprende que o pecado rompe a relación con Deus e Xesús restabécea coa súa morte e resurrección. ➤ Recoñece que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus. ➤ Coñece e relaciona os sacramentos. ➤ Recoñece a importancia dos sacramentos. ➤ Sabe razoar que a fe e as obras son respostas ao amor de Deus, manifestado en Xesucristo. ➤ Fundamenta o sentido do mandamento do amor como ensina Xesús. ➤ Sabe aplicar na relación cos amigos e coa familia algúns valores xerados na persoa de Xesucristo, a humildade, o servizo, o amor.
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos: Nos dous primeiros trimestres foi de forma presencial, **no terceiro basearase nas titorizacións telefónicas, realización de tarefas, remisión de traballos, dúbidas, propostas...** por parte do alumnado a través dos medios informáticos establecidos, premiando o esforzo, interese e a participación, intentando que esta sexa regular.

Nos **TRABALLOS PRESENTADOS** no terceiro trimestre, analizaranse as producións remitidas e os contactos mantidos que servirán de guía para a elaboración do informe individual. Realízase un seguimento continuado e valórase a realización de tarefas, o esforzo, a creatividade, a entrega a tempo de todos os traballos tanto orais por medio de gravacións coma escritos a través fichas, cuestionarios, test, capturas de pantalla en actividades online, fotos acompañadas de texto etc.

Intercambios orais co alumnado que no terceiro trimestre manteranse estes intercambios nas titorizacións telefónicas e a través doutras aplicacións de mensaxería (WhatsApp) tanto de texto coma de voz.

Instrumentos. Realización de probas orais e escritas ao finalizar cada unidade e durante os trimestres 1º e 2º.

- Rúbricas de avaliación
- Valoración do caderno do alumno/a nos trimestres 1º e 2º
- Rexistro e valoración de actividades da clase nos trimestres 1º e 2º
- Rexistro e valoración da entrega de tarefas propostas nos trimestres 1º, 2º e 3º
- Rexistro de participación na aula nos trimestres 1º e 2º
- Seguimento do blog de aula e titorías telefónicas no 3º trimestre.

Traballos presentados, vídeos, gravacións de voz, seguimento a través das familias, observación indirecta.

Criterios de avaliación: Propoñeranse actividades de seguimento e recuperación. Neste terceiro trimestre, os traballos presentados avalíanse tendo en conta a claridade, orde, limpeza, seguimento das instrucións, nivel de acerto e erros ortográficos etc. Correccións das tarefas realizadas unha vez accederon ás solucións publicadas con posterioridade á presentación dos traballos, correccións das tarefas segundo as indicacións da profesora e envío das mesmas de novo.

Criterios de cualificación: Que no terceiro trimestre variáse a proposta inicial recollida na programación de curso e establécense os seguintes.

- ⑩ **50%** Realización das tarefas propostas no blog de aula .(Poderase solicitar a entrega)
- ⑩ **25/%** Entrega dos traballos solicitados.
- ⑩ **25 %** Seguimento axeitado das tarefas, participación nas actividades propostas cada día no blog de aula e envío do traballo realizado.

Cualificación final	<p>Calcularase a cualificación media dos trimestres 1º e 2º e sumarase de forma positiva, beneficiando en todo caso ao alumnado o traballo realizado no 3º trimestre.</p> <p>O alumnado poderá ter unha cualificación final positiva nas áreas non superadas nos primeiros trimestres mediante o traballo proposto de reforzo e recuperación do terceiro trimestre, e que sirva para acreditar a consecución dos estándares de aprendizaxe esenciais.</p>
Proba setembro	NON PROCEDE
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Dentro da avaliación continua, establecemos os mesmos criterios de avaliación que para as materias do curso actual.</p> <p>Criterios de cualificación: Quedarán superadas as materias pendentes de cursos pasados ao superar a mesma materia no curso actual.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: titorización semanal, seguimento individual e entrega de traballos solicitados, premiando o esforzo, interese e a participación, intentando que esta sexa regular.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Actividades de carácter práctico e desenvolvemento competencial, que lle resulten funcionais para estes momentos e de maneira coordinada con todos os especialistas nas propostas de traballo ao alumnado.
Metodoloxía (alumnado con e sen conectividade)	Metodoloxía activa, dinámica, integradora e a distancia. Todo o alumnado dispón de conectividade polo que se envían as tarefas a través do blog de aula "A zoadeira" e para as demais especialidades, publícanse as tarefas no blog de cada área en concreto, con ligazóns a eles no propio blog de aula. No caso de que algúns alumnos non dispoñan de conexión por intervalos de tempo, dispoñen de libros de texto e outras tarefas facilitadas con anterioridade, tanto impresas como repositorios por áreas dentro do propio blog. Priorizarase, sobre todo, a saúde das familias e flexibilizarase a entrega e devolución dos traballos. Dependerá do ritmo de cada alumno e da situación das familias.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> ⑩ Comunicación escrita enviada polo alumnado ás familias o 12/03/2020, das posibles ferramentas de comunicación. ⑩ Páxina web do centro para información xeral importante. ⑩ Correo do centro para dúbidas, envío de documentos. ⑩ Teléfono do centro. ⑩ Móbil do centro ⑩ Blog do centro para proposta de actividades xerais a nivel centro. ⑩ Correo electrónico blog de aula.

	<ul style="list-style-type: none"> ⑩ Correo electrónico profesor. ⑩ Móbil do profesor. ⑩ Teléfono fixo do profesor. ⑩ Teléfono persoal do profesor, Whatsapp e outras aplicacións de mensaxería. ⑩ Comunicación constante cos alumnos e coas familias a través dos teléfonos anteriores. ⑩ Atención á diversidade con seguimento individualizado a todas as familias, proporcionando materiais axeitados polos especialistas, AL, PT e titora. Reaxuste individualizado e continuado das tarefas propostas no blog de aula. ⑩ Envío de material didáctico do seu uso cotiá no centro, traballo, reforzo, recuperación, contidos adaptados etc. ⑩ Reparto doutros materiais didácticos a domicilio en servizo de taxi. ⑩ Ordenador, teléfono, táblet, páxinas web, youtube, cadernos didácticos, libros, fichas, recursos naturais etc ⑩ Repositorio en rede onde se almacenan e manteñen contidos dixitais, arquivos informáticos, xogos, ligazóns a páxinas web, outros recursos, Información ás familias etc ⑩ Comunicación constante co concello para tentar dar solución a posibles faltas de conexión ou dispositivos.
<p>Avaliación da propia programación</p>	<p>Esta programación pode estar suxeita a cambios. Dependerá do ritmo do alumnado e da situación e dispoñibilidade de cada familia. Aplicarase o feedback e realizaranse os axustes necesarios conforme cumpra para adaptar as propostas á realidade inmediata.</p>

<h3>4. Información e publicidade</h3>	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Infórmase ás familias polos medios establecidos e usados ata o momento:</p> <ul style="list-style-type: none"> ⑩ Abalarmóbil. ⑩ Teléfono do centro. ⑩ Titorización telefónica do alumnado. ⑩ Blog de aula. ⑩ UhatsApp para recollido de tarefas e puntualmente para seguimento do traballo e aclaracións sinxelas aos alumnos. <p>Correos electrónicos centro:</p> <p>CEIP.XOAQUIN.LORIGA@edu.xunta.gal ceip.loriga@gmail.com</p> <ul style="list-style-type: none"> ⑩ Correo electrónico persoal. mendezrosa171@gmail.com ⑩ Teléfono fixo centro. ⑩ Teléfono fixo persoal. ⑩ Teléfono móbil centro. ⑩ Teléfono móbil persoal. ⑩ Abalarmóbil

Publicidade	Web centro: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxoaquinloriga/ Blog do centro: https://xoaquinloriga.blogspot.com/ Blog de aula: https://xoaquinlorigazoadeiracurso.blogspot.com/
--------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------